



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal



## BASES CONCURSO “UN MAR DE LUCES”

### 1. Obxecto.

Con motivo da celebración das Festas do Nadal queremos animar ás veciñas e veciños de Sada a participar activamente a través de propostas de carácter cultural. Sumándonos a outras iniciativas, xurdidas en zonas da vila que nos parece interesante poñer en valor, propoñémonos contribuir a ampliar o ambiente festivo das rúas levándoo tamén ao noso mar, e queremos facelo da man dunha disciplina artística moi popular e accesible, como é a fotografía.

En colaboración coa iniciativa da entidade “Marina Sada” de iluminar as embarcacións, convocamos un concurso fotográfico coas finalidades de fomentar a creatividade e a participación cultural activa das nosas veciñas e veciños, achegar visitas á zona do Porto de Sada e xerar imaxes que aporten visibilidade á “paisaxe portuaria e náutica” sadense, que forman parte inseparable da nosa identidade.

### 2. Participantes.

Poderá participar neste concurso calquera persoa que se achegue á Avda. do Peirao de Sada e realice unha fotografía coa temática “Un mar de luces”, na que se retrate a paisaxe portuaria sadense e a iluminación especial destas festas, en especial a realizada sobre as embarcacións.

### 3. Entidade Organizadora.

A entidade organizadora deste concurso, recoñecendo como tal a aquela encargada da súa xestión, coordinación e seguimento será o Concello de Sada a través da Concellería de Cultura e Praias.

### 4. Inscricións e prazo.

Para participar non é necesario facer unha inscrición previa. Abonda con enviar as fotografías que se desexe presentar ao concurso á dirección de correo electrónico [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal)

No *asunto* deberá constar o título deste concurso “Un mar de luces”.

No *corpo* do correo deberán aportarse os seguintes datos:

- NOME COMPLETO.
- TELÉFONO DE CONTACTO
- TÍTULO DA FOTOGRAFÍA.

E darlle a “Gústame” no noso perfil de CULTURA DE SADA (requisito imprescindible para poder participar) <https://www.facebook.com/culturasada>

O **prazo** para enviar as fotografías a concurso estará aberto **desde o día seguinte ao de publicación destas bases na páxina web ata o vindeiro 7 de xaneiro de 2018 ás 23:59h.**



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal



## 5. Temática.

As fotografías deberán ter como tema o do título deste concurso, isto é, “Un mar de luces”. Isto significa que as imaxes deberán recoller:

- Decoración especial de Nadal en embarcacións do peirao de Sada.
- A iluminación navideña sobre o mar do peirao de Sada.
- A paisaxe portuaria sadense e a súa transformación coa decoración para a celebración do Nadal.

Haberá liberdade en canto á técnica a desenvolver. Valorarase a capacidade para transmitir a temática do concurso, a orixinalidade e equilibrio dos encadres, a imaxinación nas composicións e a capacidade para transmitir unha mensaxe coa fotografía.

## 6. Período exposición.

As imaxes presentadas a concurso subiranse á conta de facebook da Concellería de Cultura (<https://www.facebook.com/culturasada/>). Estarán expostas desde o día de presentación ata unha semana despois do peche do prazo para envío de fotografías, isto é, **ata o 15 de xaneiro as 10:00**.

## 7. Funcionamento do concurso.

Haberá dúas categorías de premios. Premio á fotografía máis votada polos membros dun xurado e premio á fotografía máis votada a través dos “Gústame” e do número de veces que se compartira no Facebook. (Sumarase os “me gusta” e o número de veces compartida).

### 7.1. Votacións do xurado

O concurso contará cun xurado formado por sadenses con vinculación ás artes plásticas e audiovisuais, designado por esta concellería. Estará formado por un mínimo de 3 persoas e un máximo de 6, que recibirán unha copia das fotografías presentadas ao concurso. Organizarase unha reunión de valoración no local da OMIX nun día acordado pola organización e o xurado entre a semana do 15 ao 22 de xaneiro, da que sairá a imaxe gañadora do “Un mar de luces”, segundo a opinión do xurado do concurso.

### 7.2. Votacións do Facebook

A votación estará habilitada desde o día seguinte á publicación destas bases ate as 10:00 do día 15 de xaneiro do 2018 , data na que se contabilizarán os votos e o número de veces que a fotografía foi compartida en diferentes perfis de facebook. Para facer efectiva votación e preciso darlle a “Gústame” na fotografía ou fotografías desexadas.



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal

---



### **7.3.Resultados.**

Publicaranse os resultados das dúas votacións no noso perfil do Facebook de CULTURA DE SADA e posteriormente na páxina web municipal [concellodesada.gal](http://concellodesada.gal).

### **8. Premios.**

Tanto o premio do Xurado como o premio do Público consistirán nunha viaxe en barco pola Ría de Sada para 10 persoas durante unha mañá que se reservará previa consulta coa empresa provedora con data límite 30/05/2018.

### **9. Entrega de premios.**

Unha vez publicados os resultados das dúas votacións procederemos a contactar coas/cos gañadoras do concurso para facer a entrega dos vales.

### **10. Aceptación.**

A presentación das fotografías constitúe o compromiso por parte das/dos participantes de aceptar as normas establecidas nas presentes bases. Deste modo o feito de participar neste concurso implica aceptar a cesión das fotografías ao Concello de Sada, quen poderá empregalas con fins culturais e/ou publicitarios.

Sada, 21 de decembro de 2017

María Pardo Fafián  
Concelleira de Cultura e Praias